

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 1 DE XUÑO DE 2022.

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día un de xuño de 2022, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcadesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA

1. ASESORÍA XURÍDICA.- Acórdase a desistencia do recurso contencioso-administrativo P. O. número 7711/2021, interposto polo Concello de Lugo contra a resolución número 168/2021, do 27 de agosto de 2021, do TACGAL.

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas urbanísticas: para construción de edificio illado destinado a uso restauración (restaurante de comida rápida) e aparcadoiro na rúa Fonte da Bica (expte: 2021/Y001/000332) e para explotación de porcino de ciclo cerrado (reproducción de nais, cría e ceba), en Rodeiro. Sta. M^a Alta (expte: 2020/Y001/000374).

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

3. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a adjudicación contratación do servizo de mantemento do sistema integral de xestión municipal do Concello de Lugo. Exp. ref. 2021-C003-000042.

4. PERSOAL.- Acórdase a modificación acordo 10/49 aprobación das bases específicas para o acceso en propiedade a catro prazas de celadores/as de colexio público pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, dúas en quenda de acceso libre ordinario (oep 2018) e dúas en quenda de acceso libre reservado a persoas con discapacidade (OEP 2015 e 2017)

Tamén se acorda a modificación acordo 10/299 da Xunta de Goberno Local

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac3660948043103369745.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 1-6-2022

do Excmo. Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 19 de maio de 2021 de aprobación das bases específicas para o acceso en propiedade a catro prazas de técnica/o media/o de xestión pertencentes ao cadro de persoal funcionario do excmo. concello de lugo, quenda de promoción interna (tres incluídas na OEP 2017 e unha incluída na OEP 2020)

Tamén se acorda o abono compensación económica, auxiliar recinto feiral San Froilán 2019.

Acórdase dar conta do Decreto da Alcaldesa nº 5455/2022, de data 25/05/2022, por omisión de fiscalización.

Acórdase a modificación das bases que rexerán o concurso para a provisión de varios postos de traballo no Excmo. Concello de Lugo para auxiliares administrativos e administrativos.

Así mesmo, acórdase a aprobación das bases de selección para a contratación de seis socorristas para o servizo: vixilancia e salvamento acuático en áreas recreativas fluviais.

Tamén se acorda a resolución comisión de servizos do posto de xefe/a de servizo de arquitectura de do Excmo. Concello de Lugo.

ÁREA DE GOBERNO DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOAS PARA A VECIÑANZA

5. PARTICIPACIÓN E ATENCIÓN CIDADÁ.- Acórdase o traslado provisional mercado de antigüidades motivo Arde Lucus 2022.

ÁREA DE COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL

6. MULLER E IGUALDADE.- Acórdase a designación e nomemamento de secretaria/o e vogal do foro de participación cidadá en materia de igualdade do Excmo. Concello de Lugo.

Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.